

REGULAMENTO EXPOSICIÓN FILATÉLICA XVII IBEREX 2014

Artigo 1.- A XVII Exposición filatélica IBEREX 2014 celebrarase no Auditorio Municipal – Pazo de Congresos Municipal de Ourense do 6 ao 15 de xuño de 2014.

Artigo 2.- A Exposición está organizada pola Sociedade Filatélica, Numismática e Viltolfílica Miño de Ourense, en colaboración coa Federación Galega de Sociedades Filatélicas, FEGASOFI, e a União de Colectividades Filatélicas do Norte de Portugal, UFINOR.

Artigo 3.- A Exposición terá carácter competitivo. Poderán concorrer a ela coleccionistas de sociedades pertencentes á FEGASOFI e sociedades membros de UFINOR.

Artigo 4.- As coleccións serán clasificadas nas seguintes clases e grupos:

CLASE I: SALÓN DE HONOR

Participarán aquelas coleccións que foran premiadas con seis Medallas de Ouro en anteriores IBEREX, e terán carácter competitivo entre elas.

CLASE II: COMPETICIÓN

Destinadas ás restantes participacións. Estará dividida nos seguintes grupos e seccións:

Grupo 1: Filatelia Tradicional

Sección 1ª: España (incluídas antigas dependencias postais)

Sección 2ª: Portugal (incluídas ex - colonias)

Sección 3ª: Resto do mundo

Grupo 2: Historia Postal

Grupo 3: Filatelia temática

Grupo 4: Aerofilatelia e astrofilatelia

Grupo 5: Enteiros Postais

Grupo 6: Maximofilia

Grupo 7: Filatelia Fiscal

Grupo 8: Xuvenil

Grupo 9: Clase Aberta

Grupo 10: Un cadro

Grupo 11: Tres Cadros

Grupo 12: Filatelia Moderna

Grupo 13: Literatura Filatélica

Artigo 5.- O Xurado cualificador estará formado por membros do Corpo de Xurados de FEGASOFI e UFINOR, nomeados por estas entidades, de acordo co establecido nos convenios vixentes.

Para avaliar as coleccións, o Xurado utilizará os criterios que establecen os Regulamentos vixentes, e as correspondentes Medallas serán outorgadas de acordo co baremo de categoría Nacional.

Artigo 6.- De acordo coas valoracións e cualificacións outorgadas polo Xurado cualificador, concederase as seguintes distincións:

GRAN PREMIO DE HONOR: concederase á colección de Clase I con maior puntuación.

GRAN PREMIO DA MOSTRA: concederase á colección que obteña a maior puntuación da Clase II.

Diplomas acreditativos das Medallas, de acordo coas puntuacións concedidas polo Xurado a cada participación, e un agasallo de recordo da Exposición”.

Artigo 7.- O Xurado poderá mudar dun Grupo a outro, calquera colección que, ó seu xuízo, non estea correctamente clasificada.

As súas decisións serán adoptadas por maioría e o seu fallo é inapelable. No caso de empate, o Presidente terá voto de calidade.

Artigo 8.- Os dereitos de inscrición serán de 8 € por cadro solicitado con capacidade para 16 follas tamaño DIN A4. A participación no Grupo 8 da Clase II será gratuíta.

Os do Grupo 13 da Clase II satisfarán os dereitos dun cadro e deberán enviar o material por duplicado que quedará en posesión da organización.

Cada participante só poderá presentar unha colección dentro dos grupos 1 ao 12.

Artigo 9.- Os expositores poderán solicitar un mínimo de 5 cadros e un máximo de 8, agás as de un e tres cadros e os xuvenís, enviando a inscrición provisional aos seguintes enderezos:

GALICIA: Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño - Apartado 328 - 32080 Ourense

PORTUGAL: D.Paulo de Oliveira Sá Machado – Rúa das Campinhas, 33 – 4100 PORTO (Portugal)

ou por correo electrónico a : sociedadourense@gmail.com

O prazo de admisión remata o 30 de abril de 2014.

Artigo 10.- A cada expositor comunicáraselle a admisión ou rexeitamento da súa participación, segundo cada caso, antes do día 15 de maio de 2014, así como os cadros asignados. O importe definitivo será enviado antes do 30 de maio de 2014.

Artigo 11.- As coleccións admitidas serán enviadas antes do día **1 de xuño de 2014** por conta do expositor a un dos enderezos postais sinaladas no artigo 9.

Artigo 12.- As coleccións serán devoltas aos expositores por conta da organización.

Artigo 13.- Os expositores poderán asegurar as coleccións pola súa conta con seguro de transporte, ida e volta. Non obstante a organización de IBEREX 2014, durante o tempo da exposición, asegurará as coleccións contra riscos propios de manipulación e exhibición.

Artigo 14.- A Comisión Organizadora declina expresamente toda responsabilidade sobre suposto dano, deterioro ou extravío, total ou parcial, na sede da exposición, así como durante a manipulación do envío, aínda que serán tomadas as medidas necesarias para unha axeitada vixilancia e coidado do material exposto.

Artigo 15.- Calquera caso de dúbida ou conflito que poida presentarse, será resolto amistosamente entre as partes, se ben, a efectos de calquera desacordo ou disputa que non poida ser resolta, serán competentes os tribunais de Ourense. O expositor, polo feito de asinar o Boletín de inscrición, rexeita o seu Foro Territorial.

Artigo 16.- Ningún expositor poderá retirar á súa colección, unha vez aceptada, mentres dure a exposición, baixo ningún pretexto.

Artigo 17.- Todo expositor, coa súa sinatura no formulario de inscrición, acepta o Regulamento, e as normas que dite a Comisión Organizadora.

Artigo 18.- Toda correspondencia relacionada coa exposición dirixirase a :

Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño

Apartado 328 - 32080 Ourense

sociedadourense@gmail.com

A Comisión Organizadora